

Memoria do proxecto

**Relacións
respectuosas sen
xénero de dúbidas**

Elaborada por:
Xoma, Iniciativas Sociais

SUMARIO

I. ANÁLISE DA REALIDADE	3
I.1 ENQUISA.....	3
I.2 RESULTADOS	5
I.3 COMENTARIOS.....	6
II. OBRADOIROS.....	10
II.1 DESCRICIÓN	10
II.2 RESULTADOS DAS DINÁMICAS	10
III. CONCLUSIÓNS.....	18

ANEXOS:

1. Cuestionario de actitudes cara a violencia
2. Resultados da enquisa
3. Mailing da campaña e dos obradoiros
4. Elementos da campaña de comunicación

I. ANÁLISE DA REALIDADE

I.1 ENQUISA

Tal e como quedou explicitado no proxecto “**Relacións respectuosas sen xénero de dúbidas**”, a primeira fase do Programa consistiu nunha análise que permite valorar o tipo de información e coñecementos que posúen as mozas e mozos do Concello de Vigo de entre 12 a 29 anos en relación a dous factores:

- a) Xustificación da violencia entre iguais como reacción e valentía
- b) Crenzas sexistas e xustificación da violencia doméstica.

Para tal fin realizouse elaborouse un cuestionario inspirado no CADV¹ (ver Anexo 1). O número de enquisas realizadas foron 566, das que 284 corresponderon a mulleres e 282 a homes.

Os lugares de realización das enquisas foron os seguintes:

- Asociacións xuvenís
- Centros de ensino
- Centros cívicos
- Casa da Xuventude
- Asociacións con actividade para xóvenes


O resultado de cada un dos ítems da enquisa recóllese no Anexo 2 atendendo aos seguintes criterios:

- a) Xénero: Muller – Home
- b) Idade: 12-14, 15-17, 18-20, 21-25, 25-29. Tamén se calcula o valor medio.


En base ao cuestionario é posible analizar os dous factores citado, tendo presente o resultado de diversos ítems:

¹ Cuestionario de Actitudes cara á Diversidade e a Violencia de M^a José Díaz Aguado.

1. Xustificación da violencia entre iguais como reacción e valentía. Relacionan a agresión con valores masculinos e a debilidade cos valores femininos. Inclúe os 12 items seguintes: 2, 4, 7, 8, 11, 12, 15, 16, 19, 27, 28 e 29, que asocian a violencia coa demostración do propio valor.



2. Crenzas sexistas e xustificación da violencia doméstica. Xustificase o valor patriarcal da familia, a discriminación sexista, o maltrato infantil e a violencia contra a muller. Inclúe os 16 items seguintes: 1, 3, 5, 6, 10, 13, 14, 17, 18, 20, 21, 22, 23, 24, 25 e 26.



I.2 RESULTADOS

Entre todos os resultados obtidos a través do cuestionario, destacamos os que nos resultan máis significativos no tema en cuestión:

- Unha das razóns de que a mocidade utilice a violencia é que, empregala está ó servizo da identidade. É unha estratexia para acentuar, reforzar, incluso para definir a identidade: un 41,6% de homes e un 35,2% das mulleres consideran que “ser forte e valente é máis importante para os homes que para as mulleres”; un 15% de homes e 8,8% de mulleres cre que “é correcto ameazar para que saiban que tes un carácter enérxico” ou un 17% de homes e 9% de mulleres consideran que “se debe producir medo a algunhas persoas para que te respecten”. Este tipo de agresións sóense producir ó amparo do grupo, porque un grupo protexe física, psicolóxica e legalmente.
- Ante premisas como a de “se non devolves os golpes pensarán que es un covarde” un 35,6% de homes e 14% de mulleres están de acordo con tal afirmación; e un 11,4% de homes e un 4,9% de mulleres están de acordo coa premisa que di que “se alguén máis forte te ameaza con agredirte non debes contalo porque te converterías nun/ha chivato/a”. Conceptos de “chivato/a” e covarde están moi arraigados neste grupo de idade.
- No ámbito familiar por exemplo sigue sendo a figura do pai a que se pon de parapeto para cuestións de disciplina, co que conleva de ostentación do poder e toma de decisións no fogar. Este é un modelo que se presenta a nenos e nenas de forma continuada e a súa interiorización é moi difícil de reverter. De aí derivanse resultados que refulxan como o 30% de homes e 14,6% de mulleres opinan que “No caso de que algún dos pais debера traballar menos para coidar dos fillos conviría que fora a muller”, ou 13,8% de homes e 3,3% de mulleres pensan que “O mellor é que o home asuma a responsabilidade nas principais decisións familiares”; e un 17,25 de homes e 2,9% de mulleres cren que “Un bo pai debe facer saber ó resto da súa familia quen é o que manda”.
- Un 50,6 % de homes e 25,5% de mulleres cren que “A violencia forma parte da natureza humana”. Xustificación da violencia como algo inevitable.

- Un 32,8% de homes e 9,8% de mulleres están de acordo coa premisa que di: “A maioría das violacións que se producen poderían terse evitado se as vítimas tiveran vestido de forma menos provocadora ou non tiveran pasado por zonas e a horas perigosas”. Porcentaxes que reflicten a culpa sobre a vítima e que eximen de responsabilidade a quen exerce a violencia.
- Destacan porcentaxes que manifestan os substratos sobre os que se asenta a violencia como: un 12,4% de homes e un 5,4% de mulleres pensan que “a violencia que se produce dentro de casa é un asunto da familia e non debe saír de aí”. Un 11,8% de homes e 1,6% de mulleres consideran que “Cando unha muller é agredida polo seu marido, algo tería feito ela para provocalo”; e un 2,6% de homes e un 0,9% de mulleres pensan que “Está xustificado que un home agrida a súa muller ou a súa noiva cando ela decide deixalo”.
- Un 2,8% de homes e un 0,5% de mulleres están de acordo en que “polo ben dos seus fillos, as mulleres que sofren violencia non deberían denunciálo”.
- Na premisa “É correcto pegar a alguén que te ofendeu.” Un 21% dos homes e un 5,5% das mulleres está de acordo na utilización da agresión física. Tamén o 24,8% dos homes e 11,7% das mulleres apoian o maltrato infantil xa que están de acordo en que “Hai que castigar con dureza ós nenos para corrixir a súa maldade natural.”

I.3 COMENTARIOS

A violencia contra as mulleres é un mecanismo social fundamental para o mantemento da posición subordinada das mulleres respecto dos varóns e ademais é unha poderosa ferramenta utilizada para impoñer e manter a discriminación.

Para irnos centrando no tema, diremos tamén que cando falamos de “xénero” estamos aludindo ás diferenzas sociais e culturais, non ás diferenzas de sexo que son biolóxicas; referímonos ó contexto sociocultural, ós condicionamentos que actúan sobre mulleres e varóns e configuran dunha determinada maneira a súa personalidade, as súas expectativas, nunha palabra, a súa vida, provocando con iso un desequilibrio nas relacións de poder entre os sexos no ámbito social, económico, político, etc. pese as lexislacións en favor da igualdade.

Os estereotipos que este sistema de poder chegou a construír son pautas de conduta interiorizadas inconscientemente que nos proporcionan a mulleres e homes, unha identidade e polo tanto actitudes e prácticas que perpetúan a condición inferior que se asigna ás mulleres na familia, no traballo, e na sociedade.

A consecuencia disto, a violencia da mocidade ó igual que outras violencias, non é nova nin tampouco é “esencialmente distinta” doutras violencias. A súa peculiaridade, e polo tanto a súa explicación, reside nos ámbitos en que desenvolven a súa cotidianeidade a xente nova, os roles sociais que desempeñan e nas condicións de relación entre eles/as e as súas características psicosociais.

A violencia neste grupo de idade está estreitamente relacionada cunha serie de sesgos e distorsións morais que contribúen a lexitimala, -destacando sobre todo os conceptos de “covarde” e “chivato/a”, fortemente arraigados entre este colectivo.

A mocidade non elimina ou minora o risco de exercer/padecer violencia. A mocidade ó formar parte integrante da sociedade, participan en maior ou menor grado das mesmas características e estereotipos.

Homes entre 14 e 16 anos demostran que teñen interiorizadas actitudes sexistas: Moitos deles consideran á muller como débil e inferior, pero dende posicións protectoras. Outros teñen a convicción de que a debilidade das mulleres lexitima ó varón para exercer a autoridade dentro da parella. Por outro lado moitos están de acordo con actitudes que xustifican, negan ou minimizan a violencia contra as mulleres, e tenden a xustificar dita violencia achacándoa á enfermidades mentais, instintos biolóxicos, á falta de traballo ou ás toxicomanías. Tamén participan dos estereotipos e reparto de roles tradicionais. Todo iso é o caldo de cultivo no que aparece a violencia contra as mulleres, pois non se lles proporcionan os mínimos elementos que os separen da posibilidade de exercer/padecer violencia.

Se a cultura se define polos roles que nela existen, debemos concluír que esta integración na cultura faise a través da asunción de roles. Existe un coñecemento tácito do que é un pai, un marido, unha esposa, unha mestra,... calidade do rol que se vai comunicando entre persoas e que afecta á comprensión individual e cultural. Non se matiza, pero todos/as sabemos qué facer, o que se espera do rol. Chamámolo expectación de conduta ou de rol e é a base da aprendizaxe infantil e das relacións humanas. Un rapaz que queira cumprir coas expectativas do seu rol tradicional

masculino, quererá aparentar actividade sexual, ser quen tome as decisións na relación de parella, dominar e controlar as actividades e comportamentos dela, as súas amizades e probar constantemente ante o seu grupo a súa identidade sexual e de xénero, incluso a través de actos agresivos, por temor a que se lle designe no grupo como pouco “home”. Esperará que a rapaza renuncie os seus intereses e a outras relacións e dea a máxima prioridade á relación con el.

Por outro lado, a rapaza pode ceder á presión do grupo e intentar cumprir coas prescricións do rol de xénero feminino tradicional e dende aí, crer que pode cambiar ou educar ó rapaz, sentirse responsable dos problemas e do funcionamento da relación e pensar que xamais encontrará outro rapaz que a queira. Pensará que comportamentos de celos indican o pendente que está dela e o que a quere, que tal vez teña razón no que di, empeza a non entender e a buscar sentido ás acusacións e reproches e a desculpar o maltrato tras a promesa de amor e a afirmación de que a quere tanto que non pode evitar o que fai. Todo iso poraa en risco de implicarse en relacións potencial ou abertamente violentas.

Cando se lles pregunta, tanto os mozos coma as mozas identifican a violencia de xénero e a violencia familiar. Cando a ven descrita en palabras recoñécena. Cando falan diso e expresan a fantasía que teñen en mente describen unha escena con características moi definidas: “Unha muller de trinta e tantos anos e un home un pouco maior, na casa, séntense golpes, gritos, sangue, ela asustada ou no chan e el insultándoa e golpeándoa. El en paro e bébedo. Unha familia con problemas económicos ou sociais. Imaxinan a escena e consideran que ela é parva porque estas cousas vense vir, cren que se quere pode saír diso porque hai sitios onde a poden axudar”. A maioría dos varóns que participaron pensa que é un problema que case non se da entre a mocidade, que se da en mulleres casadas e maiores, a diferenza das rapazas, que só algunhas cren isto xa que outras coñecen a algunha amiga que en menor grado xa está vivindo situacións de agresión, fundamentalmente psicolóxica. Ambos sexos comparten a crenza de que os varóns teñen dificultade para controlar a súa agresividade, e que isto é unha cuestión hormonal. Tamén é moi interesante que moitos rapaces pensen que os celos indican moito afecto, crenza non compartida polas súas compañeiras que pola contra prefiren que o seu home ideal non sexa celoso.

É importante que os mozos e as mozas saiban e aprendan:

- a) Que o respecto é o maior requisito para o amor.
- b) Que o amor demóstrase en feitos non en palabras.
- c) Que nas parellas a pesar das diferenzas, en ningún caso é normal a agresión, nin física, nin sexual, nin psicolóxica...
- d) Que a agresión é unha elección que realiza quen a exerce, porque sente que pode e ten dereito a facelo.
- e) Que tras un acto de agresión, a relación empeorará e se as agresións se repiten, serán máis crueis.
- f) Que a agresión non reduce a tensión existente, senón que a incrementa.
- g) Que a vítima sentirase culpable e aceptará a definición que dela fai o agresor, para poder desculpalo. A isto sumarase pensar que ela provocou ese nerviosismo que el non pode conter, e que non é estraño que as parellas discutan, se insulten e peguen algunha vez.
- h) Que non ten ningún sentido, soportar a violencia física , verbal... dunha parella que non sabe amar e non se fai responsable dos seus problemas.

II. OBRADOIROS

II.1 DESCRICIÓN

A segunda fase do proxecto “**Relacións respectuosas sen xénero de dúbidas**” fai referencia aos obradoiros nos que se pretende traballar coas normas, valores e actitudes para favorecer a comprensión e posibilidade de modificar aquelas que sexan negativas, discriminatorias ou que poidan favorecer a segregación sexual. Nin as normas, nin os valores nin as actitudes son absolutas e inmodificables.

A metodoloxía empregada foi dinámica, para facilitar a motivación, a reflexión e a análise tanto individual coma grupal. Fomentouse a participación de todas/os as/os participantes nos obradoiros a través do debate, do traballo en equipo e do entramento en habilidades sociais (asertividade, toma de decisións e resolución de conflitos), sempre traballando dende unha perspectiva de xénero.

Algunha das dinámicas empregadas foron: remuíño de ideas, xogos, discusión dirixida e “role playing”.

Nos catro obradoiros realizados² participaron 67 persoas (38 mozas e 29 mozos) e tiveron lugar na Asociación xuvenil Abertal e na Asociación xuvenil Xente Nova, únicas entidades que lograron conformar grupos para os obradoiros.

II.2 RESULTADOS DAS DINÁMICAS

O obradoiro parte da existencia dunha serie de CRENZAS tales como que :

- Damos pouca importancia ás relacións amorosas na adolescencia.
- Pensamos que a esa idade os sentimentos non son serios, ni profundos, nin teñen ningunha transcendencia as relaciones deste momento. Tal vez por falta de memoria. Pensamos que esaxeran, que non é para tanto, que son cousas da idade. Estamos tan ocupados en cousas serias... Nembargantes, a violencia de xénero na

² O mailing realizado abrangueu a un total de 30 entidades con presenza de xóvenes (Anexo 3)

adolescencia, é tan severa ou máis que a que se presenta na vida adulta e con frecuencia, o comezo da relación que será dramática anos máis tarde.

- É un momento de “espertares e novas experiencias”. Os sentimentos son extremos e intensos, quérese apaixonadamente, confíase ilimitadamente nas boas intencións dos demais, sempre que os demais non sexan os seus pais e outros/as adultos/as, fronte ós que se están afirmando. O pensamento abstracto e a capacidade de anticipar consecuencias, empeza a desprezarse. A rede social, os amigos e amigas substitúen á familia como grupo de apoio. O grupo é o lugar de acollida onde se poden compartir as dificultades e experiencias do desenvolvemento dos recién estreados roles sexuais. A familia non é consciente aínda do proceso de cambio, da necesidade de ensaiar e recoñecerse nun novo corpo, cunha nova identidade, coa necesidade de manexar e canalizar novas sensacións e desexos, e de integrar unha nova percepción e conciencia do mundo que aportan os novos procesos de pensamento. Os adultos pertencen a un mundo vello con outros valores. Os seus consellos e instrucións deixan de ser válidos. O grupo de iguais é protagonista e ten gran crédito.
- O amor e a amizade, o apoio e a escoita, a comprensión e a confianza nos demais, a necesidade de compañía e a búsqueda da propia identidade, as primeiras experiencias de amor e as primeiras experiencias sexuais ligadas ós valores nos que cren, fan que a violencia de xénero na adolescencia teña unhas características tan especiais.
- O grupo de iguais é quen presta a axuda. Sen ningunha experiencia vital e coas mesmas necesidades e falsas crenzas do agresor e a vítima, dificilmente poden conter e menos orientar e comprender o que sucede. Falarán dende todos os estereotipos presentes na cultura e serán eles e elas os seus fieis defensores, porque así o cren e non porque o pensaran.

A partir destas crenzas trátase de traballar sobre algún destes estereotipos presentes na nosa cultura e nese grupo de idade concreto. Para iso puxéronse en práctica as seguintes dinámicas:

A) DINÁMICA SOBRE AS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Cando as relacións son adecuadas, representan unha importante fonte de apoio e motivación para a aprendizaxe; pola contra, cando as relacións son inadecuadas convértense nunha fonte de estres e inhiben a actividade necesaria para aprender.

Este exercicio permítenos valorar o sexismo existente no grupo.

En grupos separados por sexo escribir todo o que desagrada do outro sexo e dificultades que se atopan para acercarse e relacionarse. Este exercicio ten a finalidade de que se dean conta da imaxe en negativo que ten un sexo do outro e como inciden na relación estes estereotipos. Importancia de compartilo para ver a realidade dende outros puntos de vista.

Consigna: *que é o que máis vos desagrada do sexo contrario e dificultades que tendes para acercaros a elas/eles?*

a) Os homes din das mulleres:

Son mandonas, agresivas, malas, feministas, racistas, sabiondas, infantís, superficiais, piden moito e non dan nada, presumidas, só gastan cartos en roupa, fríxidas, calentonas, gritonas, cotillas, bordes, obsesionadas co peso, enfádanse por todo, provocadoras, orgullosas, manipuladoras, van de superiores, interesadas.

b) As mulleres din dos homes

Superficiais, machistas, chulos, non valoran á muller, sempre teñen que ter razón, non se coidan esteticamente, non din as cousas á cara, inmaduros, non teñen sensibilidade, só pensan en sexo, narcisistas, só lles importa o físico, abusan da súa forza, só falan de fútbol e coches, fanse os duros, non baixan a tapa do bater, mexan por fóra, creñse superiores, xogan coas mulleres, fanse os graciosos e duros diante dos amigos, infieis, mentireiros, prepotentes, orgullosos, agresivos, cridos, porcos, cotillas, egocéntricos, saídos, infantís, falsos, bocas, alardean diante dos amigos.....

c) Pregúntaselle ás rapazas que definan o tipo de muller ideal que cren lles gusta ós homes e defínena así:

Altas, con bo corpo, que se deixe, que lle guste o fútbol, que se leve ben cos seus amigos, cunhas boas tetas e bo cu, provocativas, coquetas, que parezan perfectas, guarronas...

Ningunha rapaza do grupo se identificaba con este perfil xa que aínda que a pregunta referíase a muller ideal para os homes, matizan que só é a muller ideal que prefiren para “pasar o rato”. Elas non son “desas”.

- d) Pregúntaselle ós rapaces que definan o tipo de home ideal que cren lles gusta as rapazas e defínenlo así:

Metrosexual (que se coide con cremas, perfumes...), cachas, ollos claros, moreno, maior ca elas, pearcing na cella, boa presenza, sen pelos no corpo, deportista, un tanto malote, maduro, simpático, que non sexa cutre nos regalos, cariñoso, manexable, fiel...

Eles pola contra pensaron no perfil de home ideal que lles gustaría as rapazas para manter unha relación máis estable.

Un dos maiores conflitos que comentan se producen nas parellas de adolescentes, están xerados polos celos, ese desexo esaxerado de posesión exclusiva.

“Ate que a morte nos separe!”. Esta é a promesa que se efectúa durante a voda relixiosa e que expresa a intención de darse amor durante toda a vida, cuestión que se converte con frecuencia en manifestación de odio que remata co peor final: o crime pasional.

Detrás de moitos episodios extremos nos que un membro da parella acaba coa vida do outro; e en infinidade de casos de violencia física, emocional e psicolóxica continuada, ocúltase un fantasma que está na orixe de moitos dramas: os celos patolóxicos.

As persoas celosas teñen desconfianza na parella debido a súa propia inseguridade na relación, e tenden a compararse cos demais, tralo que se senten máis inseguros e ameazados.

As consecuencias para quen os sofre soen ser devastadoras e van dende a tristura, inseguridade, malestar, angustia, nerviosismo, ate unha falta de confianza en un/ha

mesmo/a. Imaxinan as supostas infidelidades e desconfían constantemente o que lles fai estar en constante vixilancia.

Ante o suposto da aparición dun/ha terceiro/a na relación, as rapazas atacan a esa terceira persoa con toda clase de insultos e considéranas como culpable e responsable dos conflitos da súa parella. Os rapaces pola contra, ante a aparición dun terceiro, en caso de que isto afecte a súa relación, consideran responsable directa a súa parella, non o terceiro en cuestión.

B) RAZÓNS POLAS QUE MANTERÍAS RELACIÓNS SEXUAIS E RAZÓNS POLAS QUE NON AS MANTERÍAS.

Traballamos de forma separada as razóns que cada sexo alega para manter ou non manter relacións (deste xeito, o separar o grupo por sexos facilitáanse as intervencións). Ten a finalidade de que reflexionen sobre os motivos polos que terían relacións e para reforzar a idea de que é unha decisión individual e a toma de decisión debe ser reflexiva e responsable no que se deben manexar as posibilidades e decidir á marxe de presións de grupo ou sociais.

É importante que teñan en conta se nesta cuestión ou en outras similares, a decisión é tomada de xeito individual ou é tomada de xeito forzado e sutil a través da presión. Que valoren se é un tipo de decisión que se toma de xeito reflexivo e consciente ou simplemente se fai no momento que se presenta.

Contesta ó lema da campaña : “Quen move os teus fíos?”

a) Mantería relacións

Mulleres: Por amor, por vergoña a dicir que non, porque te apetece probar, polo que diría el se non aceptas, porque tes unha relación estable, porque existe confianza coa parella, por atracción, por consumo de alcohol e drogas, por desexo, para afianzar a relación, cando ves que o rapaz te quere, por curiosidade, porque xurde a situación, porque todas as túas amigas xa o fixeron.

Homes: Porque a rapaza é guapa, por pracer, por desexo, por atracción, por coñecer novas experiencias, por pasalo ben, por diversión, por quedar ben, porque si, por ganas, por coñecela mellor.

b) Non mantería relacións

Mulleres: Porque non estás preparada, porque o rapaz non te gusta ou non confías nel, porque tes vergoña, por medo a que te doia moito e non te guste, porque creas que el só te quere para iso, porque non quere usar preservativos, por medo ó embarazo, por obriga, por non ter métodos anticonceptivos, por medo as ETS, por medo a que falen, por cartos, porque aínda somos moi novas, por motivos relixiosos, por non atopar á persoa adecuada...

Homes: Non existen causas polas que non mantería relacións sexuais, porque non te gusta a rapaza, porque non tes gana, por idade, por medo a non saber facer, porque é fea, por medo a ETS, por temor a que a rapaza quede embarazada.

A maioría antes de realizar o exercicio consideraban de antemán que manter relacións sexuais son condutas ou comportamentos que simplemente se fan, non que se pensan.

É importante que sintan que son as súas primeiras tomas de decisións reais na súa vida. Nestas primeiras decisións comezan a marcar o seu recorrido cara a vida adulta.

C) DINÁMICA DE SEDUCCIÓN: “IMOS DE COMPRAS”.

Imaxinámonos que estamos nun mercado. Dividimos o grupo en dous, sendo a metade dos/as participantes compradores/as e a outra metade vendedoras/es. Van vender calquera dos obxectos da sala e a cambio da súa mercadoría pedirán ó comprador que oferte algo persoal seu que non sexa material (que recursos temos e empregamos). A finalidade é seducir a unha das persoas compradoras que máis lles apeteza a través da súa oferta. Deben mercar e vender algo. Os que saíron entran no mercado, e ante todas as ofertas só poden mercar unha única mercadoría, a que máis lles apeteza sempre que o vendedor estea de acordo e lle guste a forma de pago. O exercicio remata cando se mercou ou vendeu algo ou polo menos tentouse aínda que as veces non se consegue.

Valoramos as situacións de compra-venta: quen antes de mercar revisou todas as mercadorías, quen non mercou nin vendeu nada e porque... Analizamos se ten algo

que ver con nós o xeito de desenvolvernos na dinámica (vemos todo e logo eliximos ou quedámonos co primeiro que nos ofrecen?)...

Ábrese rolda de intervencións onde falan do rol adoptado, como nos acercamos, como tentaron mercar ou vender, que mercadoría se vendía, como se sentiron tanto se chegaron como se non chegaron a un acordo, se empregaron a violencia nas operacións, ameazas, roubos...

Se empregaron a sedución para conseguir a compra ou venta (sedución é a acción dirixida a outra persoa que eliximos previamente, co fin de obter o seu recoñecemento ou aceptación.), que moeda de cambio utilizaron os /as compradores/as como pago.

Valorar a importancia do acercamento das persoas a través de procesos de sedución. Toda persoa pode seducir cunha calidade que está relacionada co autoconceito e a autoestima.

D) DINÁMICA DAS SILUETAS DE PLASTILINA: A FIGURA CORPORAL COMO UN DOS PILARES DA AUTOESTIMA

A imaxe corporal inclúe moitas cousas como por exemplo a maneira na cal nos percibimos a nos mesmos/as, como nos sentimos nos nosos corpos e como nos sentimos cos nosos corpos. A imaxe corporal é algo que aprendemos e que cambia constantemente. Incluso aqueles de nós que temos unha imaxe positiva dos nosos corpos, temos días nos cales non nos sentimos tan seguros/as.

Moitos/as de nos temos sentido desconfianza e inseguridade acerca de noso corpo en algún momento da nosa vida. Estes sentimentos están frecuentemente alimentados por percepcións tanto reais como ficticias, das nosas amizades, familia, de nos mesmos/as e dos medios de comunicación acerca de cómo deberíamos vernos. A imaxe corporal afecta a todo o mundo, independentemente da nosa orientación sexual, raza, etnia ou relixión; aínda cando estes factores poden ter un impacto na maneira como percibimos noso corpo".

Aínda cando é normal sentirse incómodo algunhas veces co noso corpo, é importante enfrontarse a estes sentimentos. Un sentimento negativo acerca do noso corpo que non sexa atendido pode levarnos a ter unha baixa autoestima, desordenes

alimenticios, comportamentos opresivos cara nós mesmos/as e cara outros e finalmente, pode levarnos a ter pouca preocupación sobre a nosa saúde e benestar.

Para valorar isto empregamos a dinámica das *siluetas con plastilina*.

Tratar de representar o propio corpo espido e/ou como te sentes nel. O rematar mostráselle e explícaselle o grupo. Cos ollos pechados tentar facer un recorrido corporal e utilizando plastilina e cos ollos pechados tentar facer unha imaxe do noso propio corpo. Analizar que partes faltan? Ten algo que ver con nos? Que partes do noso corpo nos gustan máis? cales queredamos cambiar? As que non podemos cambiar, afectan no noso humor, intelixencia, capacidade de relacionarnos...? Lembras algunha vez que sufriras por causa do teu corpo? Analizar posturas...Cres que é importante aceptar o corpo? Paréceche que a xente da túa idade soe aceptalo?

Trátase de tomar conciencia de que partes do corpo se ocultan e cales se mostran máis nas relacións persoais. Tentarase ver cal é a figura corporal dominante ou de moda nos medios de comunicación e reflexionar sobre a angustia que pode causar nas persoas non coincidir cos canons de beleza.

O máis sorprendente desta dinámica, ademais das características persoais de cada persoa, foi que case ningunha rapaza representou os seus órganos sexuais nin o cu, e só unhas poucas marcaron as tetas. A gran maioría dos rapaces pola contra non esqueceu de representar os seus xenitais, incluso moitos deles aproveitaron para facer alarde de tamaño.

Tamén son elas as que peor se senten dentro do seu corpo, case non son capaces de sinalar partes do seu corpo que lles agrada, pola contra eles séntense mellor ou non lles xera tanta ansiedade.

III. CONCLUSIÓNS

Entre algúns dos resultados obtidos a través do Cuestionario de Actitudes cara a Violencia podemos destacar fundamentalmente as diferenzas que aparecen nas respostas en función do sexo, sendo maiores as porcentaxes na mostra de homes ca na de mulleres tanto no factor da xustificación da violencia entre iguais coma no das crezas sexistas e xustificación da violencia de xénero, e, en segundo lugar, a diferenza que se vai producindo nas porcentaxes a medida que aumenta a idade da poboación.

Ante isto cabería preguntar se a diminución nas porcentaxes a maior idade é por cuestión de aprendizaxe real ou simplemente porque as persoas aprenden a dar unha resposta “politicamente” correcta.

Ante cuestións escritas coas que se manifestan en desacordo, se as acerca ó persoal e lles engades emoción, a maioría tornan en contra do anteriormente afirmado. Exemplo: “Está ben que os mozos saían con moitas mozas, pero non ó revés”. Esta premisa na que no cuestionario maniféstanse a maioría en desacordo, cando a falan e vivencias, danse conta do que en realidade pensan e senten.

Os estereotipos que este sistema de poder chegou a construír son pautas de conduta interiorizadas inconscientemente que nos proporcionan a mulleres e homes, unha identidade e polo tanto actitudes e prácticas que perpetúan a condición inferior que se asigna ás mulleres na familia, no traballo, e na sociedade.

A mocidade non elimina ou minora o risco de exercer/padecer violencia. A mocidade ó formar parte integrante da sociedade, participan en maior ou menor grado das mesmas características e estereotipos.

Á hora de intentar entender o fenómeno da violencia, convén, así mesmo, non perder de vista a relación que existe entre a propia violencia e a crise de valores que afecta ó conxunto da sociedade, e de forma especial ós principais axentes de socialización responsables da transmisión dos valores como a familia, a escola e a panda, onde é patente a ausencia dun modelo de relación e convivencia comunmente aceptado.

En resumo:

- As rapazas consideran máis que os rapaces, que o maltratador perde o control eponse nervioso.
- A maioría en ambos sexos parece entender que a violencia non é un asunto privado.
- Os varóns pensan maioritariamente no paro, as drogas, o alcohol e/ou a enfermidade mental como causa do maltrato.
- Ambos o relacionan a violencia coa falta de afecto.
- En xeral os rapaces tenden a ter máis expectativas de arranxo da situación de violencia na parella que as rapazas. Pensan que falando podería solucionarse.
- Uns poucos pensan nos tratamentos médicos ou psicolóxicos como solución. Están convencidos de que é unha cuestión de razoar, negociar, prometer... Volvemos á idea da normalización da violencia. Pensan que se resolve falando porque cren que debe existir unha lóxica e unha historia de amor que se pode recompoñer dende a razón. Consideran que todo debe partir dun erro na comunicación, un malentendido, falta de paciencia.
- Ambos coinciden en que as mulleres aguantan os malos tratos por medo, e polos fillos.
- Ó menos en teoría entenden que a muller ou os fillos non son unha propiedade sobre a que se poida actuar ó antollo, senón seres libres.
- Detrás de moitos episodios extremos nos que un membro da parella acaba coa vida do outro; e en infinidade de casos de violencia física, emocional e psicolóxica continuada, ocúltase un fantasma que está na orixe de moitos dramas: os celos patolóxicos.
- Para explicar a violación existen tres puntos de vista teóricos que aluden: “á provocación da vítima”, “a psicopatoloxía dos violadores” e “a perspectiva feminista”.As dúas primeiras teorías inciden na culpabilidade da vítima ou eximen de responsabilidade a quen exerce a violencia, e dicir, non explican a orixe da violencia senón que tratan de xustificala. A terceira é a única que considera que as violacións son produto da socialización e dos papeis asignados ós xéneros na nosa cultura. Aínda queda un alta porcentaxe de persoas que culpabilizan a vítima.

Ante todos estes resultados hai que ter en conta que a violencia sempre tivo como aliados o anonimato, a indiferenza social, a impunidade das súas accións e o esquecemento da vítima polo que se queremos erradicar estas condutas, sería importante que toda a sociedade comezara por cuestionarse seriamente estes obxectivos.

E como remate final deberíanos quedar claro que toda forma de agresividade ou coacción, de modo verbal, físico ou psicolóxico, debe quedar desterrada dende as súas primeiras manifestacións, inculcando un exquisito trato entre todas as persoas.

ANEXO 1

CUESTIONARIO DE ACTITUDES CARA A VIOLENCIA


- 12.É correcto pegar a alguén que te ofendeu.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 13.A violencia que sofren as mulleres por parte dos seus maridos ou compañeiros débese a que estes non poden reprimir os seus instintos biolóxicos.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 14.No caso de que algún dos pais debera traballar menos para coidar dos fillos conviría que fora a muller.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 15.A muller que parece débil é máis atractiva.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 16.Se alguén máis forte ca ti te ameaza con agredirte, non debes contalo porque te converterías nun/ha “chivato/a”.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 17.A prevención do embarazo é responsabilidade das rapazas.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 18.O mellor é que o home asuma a responsabilidade nas principais decisións familiares.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 19.Meterte en pelexas nas fins de semana fan que estas sexan máis divertidas.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 20.A maioría das violacións que se producen poderían terse evitado se as vítimas tiveran vestido de forma menos provocadora ou non tiveran pasado por zonas e a horas perigosas.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 21.Hai que castigar con dureza ós nenos para corrixir a súa maldade natural.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 22.Cando unha muller é agredida polo seu marido, algo tería feito ela para provocalo.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 23.Un bo pai debe facer saber ó resto da súa familia quen é o que manda.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 24.Se pides axuda ós demais, pensarán que non vales moito.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 25.Para ter unha boa relación de parella, pode ser desexable que a muller sexa as veces submisa.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 26.A violencia que se produce dentro de casa é un asunto da familia e non debe saír de aí.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 27.Se non devolves os golpes que recibes, os demais pensarán que es un/ha covarde.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 28.As pelexas que con frecuencia se producen de fin de semana entre a xente nova, son inevitables.
DE ACORDO EN DESACORDO
- 29.Débese producir medo a algunhas persoas para que te respecten.
DE ACORDO EN DESACORDO

* *Cuestionario extraído do CADV (Cuestionario de Actitudes cara á Diversidade e a Violencia) de M^a José Díaz Aguado*


ANEXO 2

RESULTADOS DA
ENQUISA


1. Ser forte e valente é máis importante para os mozos que para as mozas.




2. Cando un/ha amigo/a agride a alguén que lle molestou debes poñerte de parte do teu/túa amigo/a.




3. Unha solución aceptable para diminuír o paro sería non favorecer o traballo da muller fóra da casa.




4.O home que parece agresivo é máis atractivo.




5.Está ben que os mozos saían con moitas mozas, pero non ó revés.




6.Polo ben dos seus fillos/as, aínda que a muller teña que soportar a violencia do seu marido ou compañeiro, convén que non o denuncie.




7. Está xustificificado agredir a alguén que che quitou o que era teu.




8. É correcto ameazar as veces ós demais para que saiban que tes un carácter enérxico.




9. O problema da violencia contra as mulleres por parte dos seus maridos ou compañeiros afecta ó conxunto da sociedade.




10. Está xustificicado que un home agrida a súa muller ou a súa noiva cando ela decide deixalo.




11. A violencia forma parte da natureza humana, por iso sempre haberá guerras.




12. É correcto pegar a alguén que te ofendeu.




13.A violencia que sofren as mulleres por parte dos seus maridos ou compañeiros débese a que estes non poden reprimir os seus instintos biolóxicos.




14.No caso de que algún dos pais debера traballar menos para coidar dos fillos conviría que fora a muller.




15.A muller que parece débil é máis atractiva.




16. Se alguén máis forte ca ti te ameaza con agredirte, non debes contalo porque te converterías nun/ha "chivato/a".




17. A prevención do embarazo é responsabilidade das rapazas.




18. O mellor é que o home asuma a responsabilidade nas principais decisións familiares.




19. Meterte en pelexas nas fins de semana fan que estas sexan máis divertidas.




20. A maioría das violacións que se producen poderían terse evitado se as vítimas tiveran vestido de forma menos provocadora ou non tiveran pasado por zonas e a horas perigosas.




21. Hai que castigar con dureza ós nenos para corraxir a súa maldade natural.




22.Cando unha muller é agredida polo seu marido, algo tería feito ela para provocalo.




23.Un bo pai debe facer saber ó resto da súa familia quen é o que manda.




24.Se pides axuda ós demais, pensarán que non vales moito.




25. Para ter unha boa relación de parella, pode ser desexable que a muller sexa as veces submisa.




26. A violencia que se produce dentro de casa é un asunto da familia e non debe saír de aí.




27. Se non devolves os golpes que recibes, os demais pensarán que es un/ha covarde.



28.As pelexas que con frecuencia se producen de fin de semana entre a xente nova, son inevitables.



29.Débase producir medo a algunhas persoas para que te respecten.



ANEXO 3

MAILING DA CAMPAÑA E DOS OBRADOIROS

**Proxecto “Relacións respectuosas sen xénero de dúbidas”:
Mailing da campaña e dos obradoiros**

Mailing a Entidades:

- AX Abertal
- AX Cancerbero
- AX Xentenova
- Casa das Mulleres
- Casa da Xuventude
- Centro Cívico Coruxo
- Centro Cívico Teis
- Centro Xuvenil de Valadares
- Infobus da Casa da Xuventude
- Vogalía Xuvenil AV Doutor Fleming
- Vogalía Xuvenil da AV Beade
- Vogalía Xuvenil da AV Camiño Vello de Coia
- Vogalía Xuvenil da AV Casco Vello
- Vogalía Xuvenil da AV de Teis
- Vogalía Xuvenil da AV Fonte do Galo (Rosalía de Castro)
- Vogalía Xuvenil da AV Freixo (Valadares)
- Vogalía Xuvenil da AV San Miguel de Oia
- Vogalía Xuvenil de Candean
- Vogalía Xuvenil do CRAC Coruxo
- Vogalía Xuvenil de Saiáns
- Vogalía Xuvenil Centro Cultural Helios (Bembrive)
- Outras asociacións sociais

Obradoiros solicitados:

- AX Abertal:
 1. Venres 21 e 28 de abril: 15-20 mozos e mozas de 4º da ESO e 1º Bacharelato
 2. Sábado 22 e 29 de abril: 15 mozos e mozas de 1º e 2º da ESO
- AX Xentenova
 1. Venres 5 de maio: 24 mozas e mozos de 16 e 17 anos
 2. Venres 5 de maio: 15 mozas e mozos de 15 anos

ANEXO 4

ELEMENTOS DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN

Quén move os teus fíos?



Relacións respectuosas
sen xénero de dúbidas,

XA!



xogas?

**Entérate dos nosos
obradoiros**

MÁIS INFORMACIÓN

Tlf: 986 410095



Concellería da Muller
Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Ti
 queres
 facelo, o
 que pasa é
 que te fas (a
 interesante

Quen move
 os seus fios?



Se
 me
 quixeras,
 farías o que
 che digo

Se me quixeras,
 respectarías
 os meus
 sentimentos e
 non me obrigarías
 a facer o que
 eu non
 quero.

Non me raies!
 Se o quixera
 facer,
 faríao

¿Dende
 cando lees
 os meus
 pensamentos?
 Se digo que
 non
 é que non.

XA,
 pero eu non son todos,
 eu son eu.

Tod@s
 o fan

Pois..
 que teño
 dereito a
 cambiar? Non?
 !agora non
 me apetece!

¡Xa o
 fixemos
 Antes!
 ...? cal é
 o problema
 agora?

O que
 @s amig@s
 decidan
 é asunto deles.
 Eu tomo as
 miñas
 decisións

Non
 teño que
 depender do
 que queiran os
 demais para ser
 popular,
 sereno
 por min

Se eso é o que queres,
 botareite de menos,
 pero así será

Se
 Non fas esto
 conmigo, non
 quedaremos
 máis..



Se queres ser
 popular no
 grupo debes
 facelo .

Todas
 as tías,
 amigas,
 o fan

Relacións respectuosas
 sen xénero de dúbidas,
XAI!